

Administración Local

Municipal

Teo

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización dos pavillóns deportivos municipais do Concello de Teo

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización dos pavillóns deportivos municipais do Concello de Teo

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada en data 28 de xullo de 2011, polo que se aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización dos pavillóns deportivos municipais do Concello de Teo, por non se ter presentado reclamacións dentro do período de exposición pública, procédese á súa publicación de conformidade co establecido no artigo 17, apartados 3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Contra este acordo cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción, de conformidade co artigo 19 do TRLRFL.

Teo, 30 de setembro de 2011

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E SOCIOCULTURAIAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Artigo 2.º. Feito imponible.

1.-A taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a utilización das instalacións deportivas e socioculturais municipais que de seguido se detallan:

1.1.-Pavillóns polideportivos de Calo, os Tilos e a Ramallosa e campo municipal da Cañoteira (comprenderá a utilización de vestiarios e duchas).

1.2.-Casas Comúns de Oza, Rarís, Lampai, A Torre-Cacheiras e Os Tilos.

1.3.- Auditorio do Centro Sociocultural da Ramallosa.

1.4. Locais socioculturais de Campos-Teo e Bamonde.

1.5. Salón de Actos de Calo.

1.6. Mediateca do Grilo-Cacheiras.

Artigo 4.º . Cota tributaria. Tarifa.

O importe da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

a) Cando o solicitante non cobre entrada, a tarifa será de 10 euros por hora ou fracción.

b) Cando o solicitante cobre entrada a terceiros, a tarifa será de 20 euros por hora ou fracción.

c) Cando a utilización sexa para actos extradeportivos e extraculturais a tarifa será de 35 euros por hora ou fracción.

d) Cando se solicite unha hora fixa semanal no período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de maio, a tarifa será de 200 euros.

e) Cando se solicite o uso do pavillón como albergue a tarifa será de 5 euros por usuario e noite.

Artigo 6º.-Exencións.

1. Estará exentas de pagamento as actividades organizadas ou patrocinadas polo Concello de Teo.

2. Os colexios públicos ou concertados do Concello de Teo, as asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións e os clubs deportivos con sede social no Concello Teo tamén poderán utilizar as instalacións deportivas ou culturais de propiedade municipal de xeito gratuíto, sempre que se trate de actividades culturais ou deportivas sen ánimo de lucro.

3. Será gratuíta a utilización dos locais socioculturais e deportivos municipais polos veciños de Teo que carezan de local propio para tratar asuntos de interese veciñal sempre que o seu uso non implique a presenza no local de persoal municipal fóra de horario de oficina.

Teo, 30 de setembro de 2011

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

2011/12975